



SERVIZO
GALEGO
DE SAÚDE

Oferta persoal Estatutario 2024
Grupo Auxiliar da Función Administrativa
Acceso discapacidade intelectual



Primeiro exame: parte común

Instrucións en galego

- O exame ten 5 preguntas.
Debes marcar as respostas na folia de respostas.
Tamén tes que contestar a pregunta de reserva.

- Tes **media hora** para facer o exame.

- Todas as preguntas teñen 4 respostas.
Só 1 resposta é correcta.
As preguntas que respondas ben suman 1 punto.
As preguntas que deixes en branco non puntúan.
As preguntas que respondas mal non puntúan.

- Cando termines o exame:
Lembra que tes que facer o exame da parte específica,
espera as instrucións das persoas da organización.

- Podes descargar o cuestionario de preguntas
na páxina web www.sergas.es

Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.

1. Como se denomina a posibilidade de que un traballador sufra un dano a consecuencia do seu traballo?

- A) Enfermidade profesional.
- B) Accidente laboral.
- C) Dano derivado do traballo.
- D) Risco laboral.

2. O título preliminar da Constitución di que España é:

- A) Unha república federal.
- B) Unha monarquía parlamentaria.
- C) Unha monarquía constitucional.
- D) Un réxime autoritario.

3. Quen é o presidente do Servizo Galego de Saúde?

- A) O presidente da Xunta.
- B) O conselleiro de Sanidade.
- C) O xerente do Servizo Galego de Saúde.
- D) O Servizo Galego de Saúde non ten presidente.

4. Canto tempo teñen os aspirantes nomeados para incorporarse ao destino adxudicado tras a finalización do proceso selectivo?

- A) 2 meses.
- B) 15 días.
- C) 1 mes.
- D) 20 días.

5. O Estatuto de autonomía di que Galicia é:

- A) Unha rexión de España.
- B) Unha nación.
- C) Un conxunto de provincias.
- D) Unha nacionalidade histórica.

Preguntas de reserva

1. Cal é a opción correcta?

- A) A igualdade de xénero significa que os homes e as mulleres teñen os mesmos dereitos.
- B) A igualdade de xénero está prohibida pola Constitución española.
- C) A igualdade de xénero equivale a que homes e mulleres son idénticos.
- D) A desigualdade entre homes e mulleres débese a causas naturais.